

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de abril de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 6063 (10/POC-001054)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións e as novas solucións tecnolóxicas que vai introducir o Goberno galego para garantir o acceso da cidadanía aos servizos do novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017
- 1.2 6152 (10/POC-001073)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha demanda ao Goberno central en relación coa situación das persoas galegas que se atopan nas cadeas do Estado español baixo o réxime FIES
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017
- 1.3 6166 (10/POC-001075)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre a visita realizada a Mondariz polo delegado provincial da Xunta de Galicia en Pontevedra no seu coche oficial para reunirse con representantes municipais da oposición
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017
- 1.4 6511 (10/POC-001133)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020, así como as previsións da Secretaría Xeral para o Deporte para a publicación das puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes

ao exercicio de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 5992 (10/PNC-000588)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o arranxo polo Goberno galego, de xeito definitivo no primeiro trimestre de 2017, dos problemas existentes nos órganos xudiciais de Galicia coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 2.2 6600 (10/PNC-000667)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas oportunas para a posta en marcha, no primeiro semestre de 2017, dun procedemento de consulta pública previa á redacción polo Executivo dos proxectos de regulamentos e anteprojectos de lei que teñan un impacto significativo na actividade económica ou que impoñan obrigas relevantes para os seus destinatarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017
- 2.3 7201 (10/PNC-000744)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 2.4 7386 (10/PNC-000763)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para favorecer a integración laboral das persoas con diversidade funcional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 6063(10/POC-001054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións e as novas solucións tecnolóxicas que vai introducir o Goberno galego para garantir o acceso da cidadanía aos servizos do novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6063
Data envío: 03/03/2017 15:05:56.828

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, Aurelio Núñez Centeno, César Fernández Gil, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión**.

As situacións de risco nas que se poden ver involucradas as persoas son diversas, imprevisibles e moitas veces, debido á concorrencia de circunstancias singulares, convértense en situacións que requiren de intervencións moi complicadas. En todo caso a rapidez coa que se mobilicen os servizos de urxencia é de importancia decisiva para salvar vidas ou reducir as consecuencias derivadas destas emerxencias.

Do mesmo xeito, unha correcta localización das persoas incursas nunha situación de risco ou nun incidente nun entorno aberto e de difícil acceso contribúe de xeito incuestionable ao éxito da operación, facilitando enormemente o rescate e incrementando a eficacia na utilización dos recursos destinados.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- Que actuacións ten previsto a Xunta para garantir que as persoas poidan acceder aos servizos do CAE 112 cando unha situación de risco ou emerxencia así o requira?
- Incorporará o novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia novas solucións tecnolóxicas de fácil acceso á cidadanía para a busca e rescate de persoas en dificultades?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2.017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6063
Data envío: 03/03/2017 15:05:56.828**

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 03/03/2017 15:01:28

Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2017 15:01:49

María Isabel Novo Fariña na data 03/03/2017 15:02:03

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/03/2017 15:02:23

César Manuel Fernández Gil na data 03/03/2017 15:02:34

María Julia Rodríguez Barreira na data 03/03/2017 15:02:51

Jacobo Moreira Ferro na data 03/03/2017 15:03:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 6152(10/POC-001073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización
dalgunha demanda ao Goberno central en relación coa situación
das persoas galegas que se atopan nas cadeas do Estado
español baixo o réxime FIES

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6152
Data envío: 06/03/2017 17:48:07.100

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación de galegos e galegas presos en cárceres do Estado español baixo o réxime FIES e o incumprimento do Regulamento Penitenciario

Diferentes asociacións que velan polo respecto dos Dereitos Humanos e fundamentais das persoas no ámbito penitenciario teñen denunciado como no caso das persoas galegas ás que se lle imputa o exercicio de delitos vinculados con móbil político adoitan vulnerarse estes dereitos e mesmo incorrer no incumprimento do propio Regulamento Penitenciario.

Este quebrantamento dáse nun contexto marcado xa por feitos graves como o emprego de réxime de incommunicacións durante as detencións que aumentan o risco de violación de dereitos humanos e como o abuso da figura da prisión preventiva, que chega a empregarse como adianto de pena por accións non xulgadas chegando a aplicarse mesmo máis de dous anos de prisión cautelar.

Amnistía Internacional cifra o volume de presas e presos políticos no Estado español en arredor de cincocentas persoas e ten alertado da aplicación de medidas excepcionais alén das descritas como é a aplicación da dispersión xeográfica ou aplicación na práctica do réxime FIES. Cómpre recordar que hai dous tipos de primeiro grado, conforme recolle a normativa penitenciaria, 91.3 e 91.2, sendo este último o que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6152
Data envío: 06/03/2017 17:48:07.100

maioritariamente se aplica a presos políticos. Porén, coñécese a existencia de casos nos que a presos e presas galegas, como é o caso de Roberto Rodríguez Fialhega, se lle aplica o primeiro malia non ter esa clasificación. Isto ten graves consecuencias para a persoa reclusa xa que a aplicación do artigo 93.1 vén implicado para estas persoas o impedimento de desenvolver as normas que regula o artigo 94 que lle correspondería. Neste establécese, por exemplo, que as persoas internas desfrutarán cando menos de catro horas diarias de vida en común, ampliábel a tres horas máis para a realización de actividades programadas.

Desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación a información que trasladan organizacións nacionais e internacionais así como colectivos de familiares de persoas presas sobre a arbitrariedade, a subxectividade e a ilegalidade na aplicación do réxime penal pechado así como a sistematización do illamento para persoas presas galegas que cumpren condenas por móbil político. Entendemos que se están a dar situacións que atentan contra os dereitos humanos e fundamentais e que cómpre, polo tanto, que o Parlamento e o goberno tome coñecemento e promova actuacións ao respecto.

Por estes motivos, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Ten coñecemento o goberno galego da aplicación en cárceres do estado da aplicación do réxime pechado baixo criterios arbitrarios? Que opinión lle merece?

- Ten pensado o goberno galego establecer algún tipo de demanda ao goberno do Estado para impedir a sistematización da dispersión penitenciaria como un castigo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6152
Data envío: 06/03/2017 17:48:07.100

adicional para os colectivos de presos e presas políticas e a súa contorna persoal e familiar?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2017 17:39:02

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2017 17:39:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/03/2017 17:39:11

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2017 17:39:14

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2017 17:39:16



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:48
Nº Rexistro: 6152

Data envío: 06/03/2017 17:48:07.100

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2017 17:39:20

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 6166(10/POC-001075)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a visita realizada a Mondariz polo delegado provincial da Xunta de Galicia en Pontevedra no seu coche oficial para reunirse con representantes municipais da oposición

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Luís Villares Naveira, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Manuel Lago Peñas, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Magdalena Barahona Martín e Francisco Casal Vidal, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a.

ANTECEDENTES.

Primeiro-. Xestións do Concello diante da Consellería de Infraestruturas.

O alcalde de Mondariz, Xoan Carlos montes Bugarín, preocupado pola seguridade das estradas Mondariz-Covelo e Mondariz-Moscoso, o acceso ao aparcadoiro do centro urbano da vila e determinados tramos de estradas viarias do Concello, todas elas de titularidade da Xunta de Galicia, solicitou unha entrevista coa Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, mediante correo electrónico remitido á Consellería o 3/1/2017.

Posteriormente, e co mesmo obxecto, remitiu unha nova petición para tratar estes asuntos coa Axencia Galega de Infraestruturas, efectuada mediante rexistro, con data de saída 10/2/2017, e acompañada de documentación útil para a comprensión do problema.



A día de hoxe, o Concello non recibiu contestación positiva en tal sentido a ningún dos escritos presentados.

Segundo-. Visita ao Concello dunha autoridade en relación ás melloras solicitadas polo Alcalde.

No medio día do 1/3/2017 o Alcalde de Mondariz bateu por casualidade con Cores Tourís (o delegado da Xunta para o ámbito da provincia) na beira dunha estrada de titularidade autonómica (PO-252, coord. 42.238803, -8.459445) á altura da parroquia mondarizán de Riofrío.

Por normal cortesía institucional, o alcalde parou o coche e saudou aos congregados.

Nese punto estaba o nº 2 de Rueda na provincia, no seu coche oficial e coa súa secretaria falando co anterior alcalde do PP (Julio Alén) e actual deputado provincial, a portavoz do PSOE (única representante dese partido na corporación) e outros destacados membros do PP da localidade.

Presumiblemente falaban de acometer unha serie de melloras na devandita estrada, algo polo que se ten interesado o Goberno local con anterioridade e por conduto oficial ante a consellería do ramo, sen contestación ningunha ata o de agora.

A conselleira segue sen recibir ao Alcalde para falar do tema.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-POLÍTICAS

O emprego de medios persoais e materias da Xunta de Galicia para fins partidistas constitúe un uso ilexítimo do poder (art. 70 LXCA), por canto a asignación de medios non comprende como finalidade este tipo de xuntanzas.



Asemade, o desprazamento en vehículo oficial, en horas de oficina, a un Concello que demanda por medio do conduto oficial a atención dun problema municipal de competencia autonómica, obviando a canle institucional que foi aberta polo propio alcalde, para facer política partidista mediante xuntanzas públicas cos grupos da oposición, do mesmo partido que o Delegado da Xunta, e dándolle publicidade como tal, constitúe igualmente unha deslealdade institucional, tal como prevé o art. 3.1.e. da LRXSP 40/2015.

En democracia non pode consentirse nin aceptar como normal o uso partidario dos medios institucionais dispostos ao servizo do interese xeral. O delegado da Xunta confunde partido e institución. O diñeiro e medios gastados nesta visita non redundan no interese xeral senón no dos partidos cos que se reuniu.

Non cabe política partidaria con recursos públicos, con desprezo ao alcalde lexítimo elixido pola maioría das veciñas e veciños.

Ante esta situación, En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Como é posible que Cores Tourís utilice o seu tempo como representante da Administración Autonómica e o coche oficial da Xunta para se reunir en Mondariz con concelleiros da oposición (maioritariamente do seu partido) de costas ao alcalde?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/03/2017 19:04:13

Antón Sánchez García na data 06/03/2017 19:04:17

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2017 19:04:28

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2017 19:04:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2017 19:04:38

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2017 19:04:42

Eva Solla Fernández na data 06/03/2017 19:04:45

Luca Chao Pérez na data 06/03/2017 19:04:49

Paula Quinteiro Araújo na data 06/03/2017 19:04:52

Magdalena Barahona Martín na data 06/03/2017 19:04:55

José Manuel Lago Peñas na data 06/03/2017 19:04:58

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2017 19:05:02

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2017 19:05:05



Marcos Cal Ogando na data 06/03/2017 19:05:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 09:30
Nº Registro: 6166
Data envío: 06/03/2017 19:05:53.163

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 6511(10/POC-001133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020, así como as previsións da Secretaría Xeral para o Deporte para a publicación das puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes ao exercicio de 2017

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Esta pasada semana as federacións deportivas galegas veñen de denunciar o pouco investimento da Xunta de Galicia no deporte galego, subliñando que para o ano 2017 só se destina o 0,22 % dos orzamentos totais para o deporte galego. Nos últimos oito anos o deporte galego perdeu máis do 50 %.

Durante o debate dos orzamentos de 2017 o Grupo Parlamentario Socialista observou, tanto na comisión coma no pleno, que a Secretaría Xeral para o Deporte é o único ámbito sectorial da sección orzamentaria da Presidencia que reduce o seu orzamento total, nun -2 %, perdendo 400.000 euros respecto de 2016, con especial intensidade tamén en materia de investimentos. Por iso formulou as necesarias emendas de mellor financiamento do deporte galego.

As federacións denuncian o “pouco peso específico que ten o deporte en Galicia” nos orzamentos aprobados para 2017. Sinalan as federacións que o Executivo galego só destina 19,2 millóns ao deporte galego, incluídos, entre outros, os 2,8 millóns para a Universidade da Coruña para o financiamento do INEF e os 1,89 millóns para a Fundación Deporte Galego. Esta porcentaxe do 0,22 % é ínfima e moi por debaixo, denuncian as federacións, da relevancia social da práctica deportiva e do impacto económico e saudable do propio sector.

Remarcan tamén as federacións a circunstancia de que Galicia está á cabeza da obesidade infantil en España, o que “non sorprende” aos dirixentes deportivos cando se coñecen os datos dos orzamentos.

Durante os últimos oito anos os orzamentos do deporte galego pasaron de 41,2 millóns de euros a 19,2 millóns na actualidade, algo que retrata a triste realidade da actual situación.



Grupo Parlamentario

As federacións deportivas galegas non recuperan o nivel das subvencións conveniadas pola Secretaría Xeral para o Deporte e atópanse na actualidade ao 67 % da partida respectiva de hai tan só seis anos. Esta grave situación pon en perigo incluso o desenvolvemento das función públicas delegadas pola propia Administración autonómica nas federacións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ademais, a Xunta de Galicia, a pesar do recoñecemento da figura da Ufedega (Unión de Federacións Deportivas Galegas), non concede ningunha subvención a esta entidade, ao contrario que as comunidades autónomas que teñen recoñecidas asociacións similares (Cataluña, País Vasco, Andalucía, Madrid ou Castela e León). Isto agrava moito máis a situación das nosas federacións asociadas, que atopan nesta figura unha axuda para xestionar temas de interese común e abaratar custos, aparte de supoñer unha ferramenta útil ao propio deporte galego.

As federacións deportivas galegas tamén demandan á Secretaría Xeral para o Deporte que faga públicas as puntuacións respectivas por apartados dos baremos dos convenios do ano 2017, que aínda non se asinaron, provocando este atraso unha gran preocupación. Ven así un paradoxo que a Xunta de Galicia, a través da Lei do deporte, obrigue ás federacións a aprobar os orzamentos dun exercicio económico durante o último trimestre do ano anterior, cando a estas alturas da tempada as federacións aínda non coñecen as contías das subvencións de 2017.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020?

2ª) Que previsións ten a Secretaría Xeral para o Deporte para publicar sen máis demora as puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes ao presente exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2017 16:45
Nº Rexistro: 6511
Data envío: 13/03/2017 16:45:06.880



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/03/2017 16:40:57

Julio Torrado Quintela na data 13/03/2017 16:41:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/03/2017 16:41:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/03/2017 16:41:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 5992(10/PNC-000588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego, de xeito definitivo no primeiro trimestre de 2017, dos problemas existentes nos órganos xudiciais de Galicia coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

En Galicia, hai órganos xudiciais que están a ter problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación instalado dentro das salas de vistas para documentar, tanto en audio como en vídeo, todas as sesións.

A Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra é un deses órganos xudiciais con problemas, que o día 23 de febreiro deixou de gravar a seis testemuñas dun xuízo, polo que non quedaron nin audio nin vídeo que gardasen o acontecido na sala porque, dende a posta en marcha destes sistemas de gravación, os letrados/letradas da Administración de Xustiza xa só levantan actas concisas, sendo acta a propia gravación. Nesta sección (que ten un merecido recoñecemento do CGPJ por ser a Sección Penal de Audiencia Provincial máis eficiente de España), o extremo destas complicacións está nas dúas sentenzas pendentes de se ditar por non poder gravar ningunha parte dos xuízos correspondentes.

Solucionar estes problemas técnicos e as dificultades co sistema de videoconferencia é responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:37
Nº Rexistro: 5992
Data envío: 02/03/2017 17:37:19.447



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solucionar, de maneira definitiva e inmediata neste primeiro trimestre de 2017, os problemas coas aplicacións informáticas nas videoconferencias e no sistema de gravación de xuízos que están a ocorrer en Galicia.

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:33:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:33:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:33:23

María Luisa Pierres López na data 02/03/2017 17:33:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2017 17:33:27

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.2 6600(10/PNC-000667)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas oportunas para a posta en marcha, no primeiro semestre de 2017, dun procedemento de consulta pública previa á redacción polo Executivo dos proxectos de regulamentos e anteproxectos de lei que teñan un impacto significativo na actividade económica ou que impoñan obrigas relevantes para os seus destinatarios

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Aurelio Núñez Centeno, César Fernández Gil, Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro e Isabel Novo Fariña**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

O Partido Popular de Galicia leva varios anos intentando mellorar a participación cidadá na definición das políticas públicas.

Así, foi a iniciativa deste grupo que na pasada lexislatura se aprobou a Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia. Esta lei melloraba e consolidaba instrumentos xa existentes como a iniciativas lexislativa popular ou o portal 'Lexisla con Nós' do Parlamento de Galicia e abría novos mecanismos como as proposicións non de lei de iniciativa popular ou as preguntas cidadás.

Tamén a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, impulsada pola Xunta na anterior lexislatura consolidou o papel das suxestións e queixas cidadás presentadas perante a administración como motores do cambio interno, instaurando a obriga de que se faga unha análise sistemática de todas elas e que esta análise sexa tida en conta para a mellora dos servizos. Esta obriga legal foi xa regulada pola Xunta a través do Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.

Posteriormente, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno estableceu como un dos seus principios reitores de participación cidadá, "polo que se considera como obxectivo final dos mecanismos descritos na lei a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos".

Así, a Lei estableceu no seu artigo 9 a obriga de publicidade activa da "relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 6600**
Data envío: 14/03/2017 17:15:01.955

do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer”.

Aínda que esta obriga estaba expresada de xeito semellante na anterior Lei de transparencia de 2006, o establecemento na Lei de 2016 da necesidade de centralizar a información nun único Portal de Transparencia permitiu que dende marzo do ano pasado a totalidade de disposicións xerais en tramitación estean a disposición da cidadanía nun único punto de acceso, ao contrario que ata entón, cando se atopaban dispersas nos distintos portais dos departamentos da Xunta.

Non obstante, o Partido Popular de Galicia quere dar un novo impulso á participación cidadá e, despois de facilitar a participación na fase de tramitación parlamentaria e na fase de tramitación administrativa, queremos ir máis alá abrindo á participación á fase previa: a da propia elaboración da norma.

De feito, esta idea xa foi ensaiada coa propia Lei de Transparencia, para cuxa elaboración abriuse un buzón de suxestións durante un mes durante o que se recibiron achegas que foron incorporadas dende o inicio ao proxecto de lei que comezou a tramitar a Xunta.

Esa iniciativa pioneira animanos a solicitar que o procedemento habitual á hora de iniciar a tramitación da normativa autonómica sexa o de solicitar suxestións á cidadanía galega sobre o contido a incorporar na norma que se pretende elaborar por parte da administración.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para poñer en marcha, baixo instrumentos e criterios homoxéneos, no primeiro semestre de 2017, un procedemento de consulta pública previa na elaboración polo executivo de normativa, co obxecto de fomentar a participación da cidadanía e das organizacións e asociacións con carácter previo á redacción dos proxectos de regulamento e anteproxectos de lei que teñan impacto significativo na actividade económica ou impongan obrigas relevantes para os seus destinatarios”.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 6600**
Data envío: 14/03/2017 17:15:01.955

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/03/2017 16:49:02

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 16:49:31

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 16:56:04

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 16:56:13

María Julia Rodriguez Barreira na data 14/03/2017 16:56:21

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 16:56:37

María Isabel Novo Fariña na data 14/03/2017 16:57:16

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 16:58:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 7201(10/PNC-000744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha
regularización legal en materia de tributación das pensións
dos emigrantes retornados

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7201
Data envío: 29/03/2017 12:37:19.174

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados e retornadas en relación coa tributación das súas pensións.

Desde comezos do ano 2013 foron nacemento no noso país numerosas plataformas comarcais de emigrantes retornados e retornadas co obxectivo de reivindicar xustiza para as súas pensións e preservar os dereitos de milleiros de galegos e galegas que despois de traballar anos fóra de Galiza vían perigar o seu dereito a un tratamento fiscal igualitario e a vivir con seguridade a súa etapa de xubilación disfrutando das pensións que conseguiran tras anos de traballo lonxe da súa terra.

As e os nosos maiores convertéronse nun exemplo de dignidade para as loitas sociais do país e catro anos despois continúan loitando contra unha discriminación que aínda non se resolveu de forma completa. Ese esforzo mobilizador provocou cambios normativos mais estes foron a toda luz insuficientes para que as persoas afectadas recuperaran os seus dereitos de forma global.

A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais e estableceuse un período de regularización que na práctica implicaba a devolución das inxustas sancións, recargas e xuros que se lles impuxeron



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7201
Data envío: 29/03/2017 12:37:19.174

nos últimos exercicios e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, esta disposición segue sen supor unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Non ten en conta factores fundamentais como o contido dos distintos tratados bilaterais e tampouco establece mecanismos para o tratamento xusto das pensións de invalidez, entre outras consideracións. Este colectivo continúa a pé de rúa e recentemente a Plataforma de afectados e afectadas demandaron na Comisión de Peticións europea esixir ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro e así resolver, anos despois, as consecuencias da política de acoso e derribo levada a cabo pola facenda estatal e que segue afectando a un gran número de persoas emigradas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado unha regularización legal sobre a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados:

a) realizando as modificacións oportunas da Lei 35/2006 para a disposición dun marco homoxéneo para todas as pensións contemplando as exencións de presentar declaración do IRPF de non superar determinados limiar de rendas.

b) realizando as modificacións oportunas para evitar a retroactividade que establece a disposición adicional primeira da Lei 26/2014, tanto en relación coas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7201
Data envío: 29/03/2017 12:37:19.174

persoas que xa tributaron polas rendas percibidas en exercicios anteriores, así como aquelas que están pendentes de tributar

c) garantindo o recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

d) levando a cabo a revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir.”

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 12:35:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:37
Nº Rexistro: 7201
Data envío: 29/03/2017 12:37:19.174

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 12:35:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 12:35:52

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 12:35:56

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 12:35:58

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 12:36:01

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 19.04.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.4 7386(10/PNC-000763)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para favorecer a integración laboral das persoas con
diversidade funcional

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**, relativa á situación laboral das persoas con diversidade funcional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, máis de un 8% da poboación galega presenta unha discapacidade igual ou superior ó 33% durante o ano pasado. Falamos por tanto, de unha porcentaxe de poboación moi importante e que necesita o apoio das administracións públicas para favorecer a súa inclusión no mercado laboral.

O artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, indica que será necesario para aquelas empresas de máis de 50 traballadores, tanto públicas como privadas, reservar polo menos 2 de cada 100 postos para persoas de diversidade funcional. A situación hoxe en día é moi distinta á que di a lei, xa que estudos recentes indican que esta norma non é cumprida polo 80% das empresas españolas. Dende En Marea so queremos que se defenda a normativa legal vixente, e que se loite polo cumprimento da cota de reservas para persoas con discapacidade, tanto no sector público como no privado.

A administración pública autonómica, no seu afán por mellorar na integración deste sector, debe conseguir que a taxa de traballadores con diversidade funcional na Xunta de Galicia, chegue como mínimo ó 2%. Ademais, a Xunta de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 7386
Data envío: 30/03/2017 18:08:16.288



Galicia non debe permitir que aquelas empresas que incumpren coa normativa da reserva de cotas, poidan conseguir contratos coa Xunta ou que non teña acceso a subvencións ou outros beneficios fiscais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender o cumprimento da cota de reserva establecida no art. 42 del Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
2. Que sexa imprescindible acreditar o cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas no seu caso para acceder a contratos públicos, subvencións ou beneficios fiscais coa base no establecido no marco legal vixente.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 18:08
Nº Rexistro: 7386
Data envío: 30/03/2017 18:08:16.288

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/03/2017 18:08:04

Luis Villares Naveira na data 30/03/2017 18:08:12